

Exposición

TRES MUJERES MAGNUM: EVE ARNOLD, INGE MORATH Y CRISTINA GARCÍA RODERO



Inge Morath. USA. New York. 1958. Walkers on 5th Ave
© Inge Morath / Magnum Photos / Contacto

DATAS: do 3 de novembro de 2022 ao 15 de xaneiro de 2023

LUGAR: Fundación Luis Seoane, A Coruña

PRODUCCIÓN: Centro Niemeyer en colaboración coa axencia Magnum e Contacto Grupo Europa Press, co apoio do Instituto Asturiano de la Mujer, Fundación EDP, Ariexca e Universidade de Oviedo, Deputación de Valencia e Concello da Coruña

COMISARIA: Rosa Olivares

Tres mujeres Magnum: Eve Arnold, Inge Morath y Cristina García Rodero trae á Fundación Luis Seoane unha selección de imaxes, sesenta en total, de tres das fotografías máis destacadas na historia do medio. A norteamericana Eve Arnold foi, no ano 1951, a primeira muller en ingresar na axencia Magnum, fundada tan só catro anos antes polos fotógrafos Robert Capa, David Seymour, Henri Cartier-Bresson, George Rodger, Bill Vandivert, Maria Eisner e Rita Vandivert. Tras ela, incorporárase a austríaca-estadounidense Inge Morath en 1955; e no 2005, Cristina García Rodero sería a primeira española en formar parte desta célebre axencia internacional de fotografía.



Comisariada por Rosa Olivares, editora e directora da revista de fotografía contemporánea *Exit, imagen & cultura*, *Tres mujeres Magnum* reúne algunhas das imaxes máis coñecidas realizadas por Eve Arnold e Inge Morath, así como unha selección representativa do traballo de Cristina García Rodero. Para a comisaria, é fundamental destacar o feito de que as tres foron pioneiras nunha disciplina na que, aínda na actualidade, predomina a presenza masculina, así como as súas respectivas maneiras de abordar os temas que aparecen nas súas imaxes e interpretar o mundo que as rodea.

Deste xeito, grazas ao obxectivo da cámara de Eve Arnold (Filadelfia, EEUU, 1912 – Londres, Gran Bretaña, 2012), o espectador é testemuño do día a día das tensións experimentadas polos habitantes dunha gran cidade, dos cambios sociais que atravesan os Estados Unidos... Arnold ofrece así mesmo unha ollada nova sobre o mundo do cine, afastada do glamour hollywoodiense da época, que comenzaba a transformarse a medida que se achegaban os anos sesenta: Marlene Dietrich tomándose un descanso durante unha gravación, Paul Newman asistindo aos cursos do Actor's Studio, vestido cunha sinxela camiseta branca e, por riba de todo, Marilyn Monroe. Eve Arnold establecería con ela unha relación de confianza ao longo de dez anos, e a actriz corresponderíalle amosando a súa verdadeira personalidade, agochada nas súas aparicións públicas. A mostra inclúe tamén imaxes que a fotógrafa realizou durante as súas viaxes ao Leste de Europa, nas que de novo amosaba, ao igual que nos seus comezos, a realidade social a través dos seus protagonistas.

O interese por Europa do Leste e o mundo do cine son dous dos temas que Inge Morath (Graz, Austria, 1923 – Nova York, EEUU, 2002) comparte coa súa predecesora na axencia. Discípula de Henri Cartier-Bresson, o seu traballo posúe un especial sentido do humor que aflora nalgunhas das súas fotografías máis icónicas, como *Unha llama en Times Square* (1957) ou a serie *Máscaras de Saul Steinberg* (1962), ambas incluídas na exposición. A España dos anos cincuenta, Londres, Teherán, personalidades como Yves Saint Laurent ou Ingrid Bergman, pero sobre todo personaxes anónimos das rúas das cidades ou dos pobos, os visitantes dos museos, etc., son os que chegan de vida as súas imaxes. Ao igual que Eve Arnold, Morath mantivo unha relación especial co mundo do cine, realizando fotografías durante as rodaxes de títulos como *Moulin Rouge* (1952) ou *Vidas Rebeldes* (1960), ambas dirixidas por John Huston. No set desta última será onde coñeza ao dramaturgo Arthur Miller, autor do guión e naquel momento marido de Marilyn Monroe, unha das protagonistas do filme. Morath casará con él pouco despois do seu divorcio da actriz, unha relación que durará ata o pasamento da fotógrafa no 2002.

Esa celebración da vida percorre a obra de Cristina García Rodero (Puertollano, Ciudad Real, España, 1949). Primeira e única representante da fotografía española na axencia Magnum ata a entrada de Cristina de Middel e Lúa Ribeira, García Rodero é un dos nomes fundamentais da fotografía contemporánea. A comezos da década dos setenta, percorre España co obxectivo de recoller en imaxes as súas festas, costumes populares, ritos e supersticións, un traballo que condensará na súa obra *La España oculta*. O seu interese por este tipo de manifestacións levaraa a viaxar por todo o mundo, plasmando nas súas fotografías tradicións e rituais do Leste de Europa, Haití, India, Etiopía... A exposición inclúe algunhas das súas fotografías máis coñecidas, como *Hacia el sacrificio* ou *Duelo* (2000).

Tres mujeres Magnum: Eve Arnold, Inge Morath y Cristina García Rodero estará aberta ao público ata o vindeiro 15 de xaneiro de 2023.

Para máis información e solicitude de imaxes:

Emma Fernández Castro

Fundación Luis Seoane

San Francisco 27

Tel. 981 216 015

emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal